
PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DE CENTRO

I.E.S. Eduardo Pondal - Ponteceso

Curso 2017-2018

Documento básico que recolle a planificación, organización, funcionamento e plan de mellora do centro.

Índice

Datos de identificación do centro.....	5
Introdución Programación Xeral Anual	7
DOCUMENTO NÚMERO 1: Plan Anual	11
Introdución	13
Obxectivos específicos, medidas e recursos.	15
Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ao profesorado	15
Obxectivos específicos.....	15
Medidas	16
Recursos.....	16
Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ao alumnado.....	17
Obxectivos específicos.....	17
Medidas	17
Recursos.....	18
Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ás pais e nais	18
Obxectivos específicos.....	18
Medidas	19
Recursos.....	19
Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ao persoal non docente	19
Obxectivos específicos.....	19
Medidas	20
Recursos.....	20
Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ao servizos externos.	20
Obxectivos específicos.....	20
Medidas	20
Recursos.....	21
DOCUMENTO NÚMERO 2: Horario Xeral do Centro.	22
Horario xeral do instituto (horas lectivas).....	24
Horario alumnado ESO, Bacharelato e FPB	24
Horario alumnado Ciclos	25
Horario alumando ESA	25
Horario de espazos e instalacións do centro.....	26
DOCUMENTO NÚMERO 3: Organización dos servizos complementarios.....	28
Transporte escolar	30
Mapas dos itinerarios.	31

Datos de identificación do centro

I.E.S. EDUARDO PONDAL - PONTECESO

Denominación: Instituto de Educación Secundaria Eduardo Pondal - Ponteceso

Enderezo: Rúa Teresa Mosqueira Manso, s/n. Ponteceso

Código do centro: 15026406

Teléfono: 881 880 924

Fax: 881 880 925

Correo electrónico: ies.eduardo.pondal.ponteceso@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesponteceso/>

INTRODUCCIÓN PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

I.E.S. EDUARDO PONDAL - PONTECESO

A programación xeral anual é o instrumento básico que recolle a planificación, organización, funcionamento e plan de mellora do centro, realizándose segundo os principios de autonomía e eficiencia.

Normativa:

Artigo 102 a 104 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG, 9/8/1996, modificado pola corrección de erros publicada no DOG 30/8/1996 e polos decretos 120/1998 e 7/1999).

Puntos 3 a 9 do apartado 1 da Orde do 1 de agosto de 1997.

Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE 4/07/1985)

Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29 de decembro)

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 4/5/2006)

Real Decreto 806/2006, de 30 de xullo, onde se establece o calendario de aplicación da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 14/7/2006)

Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG 7/5/07)

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 13/7/2007)

Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 12/9/2007)

Orde 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG, 21/8/2007)

Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG, 29/6/2007)

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO na Autonomía de Galicia.

Decreto 126/2008 do 19 de xuño polo que se establece a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

LOMCE. Lei Órgánica 8/2103, do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa.

Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Resolución do 27 de xullo de 2015, polo que se ditan instrucións no curso académico 2017-2018 para a implantación do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A programación xeral anual elaboraa o equipo directivo do instituto tendo en conta as propostas do Claustro e as directrices do Consello Escolar e dos distintos sectores da comunidade educativa a través das súas organizacións ou individualmente.

O Claustro de profesores e o Consello Escolar no ámbito das súas competencias son informados da Programación Xeral Anual.

A Programación Xeral Anual articúlase en varios documentos que se elaboran gradualmente en función da secuenciación e temporalización establecida pola dirección e conforme ao cumprimento dos prazos. Estes documentos organízanse en catro capítulos, que ademais recollen como anexo I o Proxecto Educativo e como anexo II o proxecto curricular do Instituto.

Na seguinte táboa amósanse os diferentes capítulos, documentos e anexos da programación xeral anual e os prazos nos que se remiten á Inspección Educativa.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL		
CAPÍTULOS	DOCUMENTOS	DATAS DE ENTREGA
CAPÍTULO I	Documento número 1: Plan anual.	Antes do 30 de setembro
	Documento número 2: Horario xeral do centro	
	Documento número 3: Organización dos servizos complementarios.	
	Documento número 4: Documento de recollida de datos (1ª parte) DRD	
CAPÍTULO II	Documento número 5 e anexos: Documento de organización do centro. DOC. Anexo I: Proxecto educativo do centro. Anexo II: Proxecto curricular de centro. (No caso de que os proxectos educativo e curricular do centro xa figuraran nunha programación xeral anterior, nos citados anexos só se recollerán as modificacións derivadas da avaliación anual deles. En calquera caso deberase facer referencia sempre ao ano no que se incluíu por primeira vez cada un dos proxectos así como aos anos nos que se introduciron sucesivas modificacións.)	Antes do 20 de outubro
CAPÍTULO III	Documento número 6: Documento de recollida de datos (2ª parte) DRD	Antes do 15 de novembro
	Documento número 7: Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.	
	Documento número 8: Plano anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega.	
	Documento número 9: Programa de formación do profesorado no centro.	
	Documento número 10: Programa de formación en centros de traballo.	
CAPÍTULO IV	Proxecto de orzamento do centro	durante o mes de febreiro

DOCUMENTO NÚMERO 1

Plan anual

curso 2017-2018

Conxunto de obxectivos para o curso académico, medidas para conseguilos e recursos para levalos a cabo.

Normativa:

Art. 102-106 Decreto 324/96 (DOG 09/08/96).

Art. 2 e seg. e artigo 10 da Orde de 1 de agosto de 1997 (DOG 2/set/1997)

Introdución

I.E.S. EDUARDO PONDAL - PONTECESO

A Programación Xeral Anual recolle no Plan Anual os obxectivos específicos para o curso académico. A formulación de obxectivos específicos ven precedida do establecemento duns obxectivos xerais que se enumeran no proxecto educativo de centro e no proxecto curricular do centro.

No Plan anual fixamos os obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no actual curso académico, as medidas que se van desenvolver para a súa consecución e os recursos con que conta para levalos a cabo.

Esta formulación vai precedida dunha avaliación de necesidades tendo en conta a memoria anual do centro referida ao curso anterior, 2015-2016.

Os centros educativos terán autonomía para organizar os grupos e materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención a diversidade adecuadas as características do alumnado.

As medidas de atención a diversidade que adopten os centros estarán orientadas a consecución dos obxectivos da ESO por parte de todo o alumnado e non poderán en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida acadar ditos obxectivos e a titulación correspondente.

Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

Obxectivos específicos. Medidas e recursos.

I.E.S. EDUARDO PONDAL - PONTECESO

Posto que a comunidade educativa está formada polo alumnado, profesorado, persoal non docente, nais e pais, e ademais tendo en conta o contexto educativo e os servizos externos ao centro, formularemos uns obxectivos específicos para cada un dos sectores e servizos, proporemos as medidas a levar a cabo e informaremos dos recursos con que conta o centro para a consecución de ditos obxectivos.

Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ao profesorado

Obxectivos específicos.

- Favorecer a interdisciplinabilidade didáctica entre as diferentes áreas que se imparten na etapa da ESO neste centro.
- Desenvolver programas que favorezan a convivencia no centro e axuden a consecución da efectiva igualdade de dereitos entre sexos.
- Fomentar o desenvolvemento de capacidades creativas e do espírito crítico.
- Asegurar a participación do alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da metodoloxía activa, na medida en que os recursos do centro o permitan.
- Avaliar obxectivamente ao alumnado, facendo incidencia nos aspectos positivos e axudándolles a superar as dificultades que presentan ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Informar ás familias dunha forma continuada sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Potenciar a relación das familias coa vida académica dos seus fillos e fillas.
- Potenciar o uso da biblioteca por parte do profesorado, empregándoa como elemento metodolóxico.
- Potenciar as aulas virtuais como recursos pedagóxicos.
- Continuar co proxecto das seccións bilingües autorizadas no noso centro: Educación Plástica e Visual de 1º e 3º da ESO, e favorecer a introdución de novas materias.
- Desenvolver as liñas xerais do Plan de Convivencia do Centro.
- Desenvolver o Plan de Atención á Diversidade.
- Renovar o Plan TIC, potenciando as novas tecnoloxías no desenvolvemento curricular das diferentes materias.
- Continuar a actualización dos documentos de organización e planificación do centro, unificando criterios e utilizándoos como instrumentos de mellora.
- Actualizar as NOFC.
- Potenciar a formación continua do profesorado.
- Implicar ao profesorado na avaliación dos procesos docentes.
- Consegui involucrar ao alumnado a través dos departamentos didácticos na busca de medidas de apoio educativo.

- Organizar e aproveitar as gardas como oportunidades de ensinanza.
- Buscar opcións para desenvolver programas europeos para o profesorado e o alumnado.
- Recuperar o ciclo de carrozaría.
- Mellorar a xestión das faltas de asistencia introducindo tecnoloxías da información e comunicación.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares e motivar ao profesorado a que colabore nelas.
- Potenciar a participación do profesorado na Semana Cultural.
- Potenciar e valorar a idea da educación como unha actividade prioritaria para a sociedade.
- Promover a participación do profesorado na mellora dosespazos do centro.
- Potenciar e favorecer a participación en espazos expositivos. (Forum de Carballo...)
- Mellorar os recursos pedagóxicos e materias mediante a elaboración e execución de proxectos.
- Actualizar o plan de autoprotección e gradualmente adaptar o centro ás directrices que marque este plan.
- Promover e buscar medidas de colaboración das entidades sociais na actividade educativa.
- Promover a participación do profesorado nas votacións e renovación do Consello Escolar.

Medidas:

- Coordinación das actuacións co Centro de Formación e Recursos.
- Coordinación entre o profesorado que leva a cabo actuacións relacionadas con medidas de atención a diversidade como os reforzos educativos.
- Desenvolvemento dun contrato programa .
- Participación en liñas de mellora da lectura, escritura e cálculo do contrato programa.
- Participación en liñas de mellora de coñecementos do contrato programa.
- En colaboración co Claustro e o Consello Escolar, en función das competencias asignadas pola lei, poñer ao día os documentos de planificación e organización do centro, unificando criterios e modelos.
- Planificación para a recuperación do ciclo de carrozaría atendendo ao cumprimento das esixencias postas pola administración, posta en marcha dun programa de captación do alumnado e información da oferta pedagóxica desta ensinanza.
- Aprobación do plan educativo de centro.
- Buscar opcións para o desenvolvemento de programas europeos.
- Organización de plans de actividades polos departamentos didácticos.
- Integración de soportes informáticos para as actividades de aula e promover a súa xestión e utilización didáctica.
- Potenciación da rede wifi do centro.
- Uso de ferramentas en liña para o intercambio de información das titorías
- Actualización e mellora continua dos documentos de organización e funcionamento do centro.
- Participación no Forum de Carballo.

- Elaboración de trípticos e soportes informativos sobre a oferta educativa.
- Elaboración de proxectos.
- Actualización das NOFC do centro.

Recursos:

- Departamentos didácticos.
- Aulas específicas.
- Biblioteca.
- Programas e documentos
- TIC's.
- Páxina web do centro.
- Plan de autoprotección.

Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ao alumnado

Obxectivos específicos.

- Fomentar hábitos de comportamento democrático, que fagan do respecto mutuo a esencia dunha convivencia democrática que axude a adquisición de valores morais en todos os ámbitos da vida, persoal, escolar, familiar, social e profesional
- Organizar a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional, tendo como principio reitor a atención á diversidade e a adecuación das actividades as características do alumnado.
- Insistir na necesidade da mellora da convivencia e respecto na escola.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares e motivar ao alumnado a que participe nelas.
- Potenciar o uso da biblioteca por parte do alumnado.
- Potenciar o uso das TIC na dinámica xeral do centro.
- Mellorar as competencias lingüísticas do alumnado.
- Desenvolver o Programa de seccións bilingües.
- Desenvolver o Plan de Atención á Diversidade.
- Implicar ao alumnado na conservación das instalacións e material do centro.
- Colaboración co alumnado para poñer a funcionar diversos programas.
- Involucrar ao alumnado a través dos departamentos didácticos na busca de medidas de apoio educativo.
- Implicar ao alumnado na creación de contidos pedagóxicos.
- Favorecer que a xunta de delegados suxira propostas e participe na elaboración dos documentos do centro, na competencia que lles atribúe a normativa.
- Potenciar o coñecemento das linguas estranxeiras.
- Potenciar a formación profesional.
- Potenciar a Educación Secundaria de Adultos.
- Potenciar a iniciativa do alumnado fronte ao estudo.
- Promover a participación do alumnado na mellora dos espazos do centro.
- Desenvolver o plan educativo de centro por toda a comunidade educativa.

- Potenciar o uso da axenda escolar.
- Desenvolver o plan de autoprotección informando ao alumnado das pautas a seguir en determinadas circunstancias de emerxencia.
- Formar ao alumnado en relación ao plan de emerxencia do centro.
- Desenvolver a Formación Profesional Básica.

Medidas:

- Utilización dos órganos colexiados para potenciar a participación do alumnado nas actividades do centro.
- Participación do alumnado na revisión das normas de organización e funcionamento do centro e na mellora e actualización dos documentos de organización do centro en función das súas competencias asignadas na normativa.
- O departamento de actividades complementarias e extraescolares en coordinación co profesorado que corresponda, organizará actividades e motivará ao alumnado para que participe nelas.
- Adaptación do entorno de traballo para o alumnado con discapacidade.
- Integración de soportes informáticos para as actividades de aula e promover a súa xestión e utilización didáctica.
- Potenciación da rede wifi do centro e do seu uso polo alumnado como recurso educativo.
- Participación do alumnado na creación de contidos pedagóxicos utilizando, entre outros, recursos audiovisuais e informáticos.
- Participación do alumnado nas actividades dos programas de mellora da lectura e dos coñecementos.
- Elaboración e distribución de trípticos e soportes informativos sobre a oferta educativa.
- Elaboración de plans de información da oferta pedagóxica das ensinanzas de adultos pola zona.
- Participación en actividades recollidas nas liñas de actuación dun contrato programa.
- Distribución da axenda escolar gratuíta para o alumnado.

Recursos:

- Profesorado do centro.
- Aulas xerais de grupos.
- Aula específicas.
- Talleres e Laboratorios
- Ximnasio e pista deportiva.
- Biblioteca.
- Salón de actos.
- TIC's.
- Axenda escolar
- Programas e documentos

- Páxina web do centro.
- Administración.

Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ás nais e pais.

Obxectivos específicos.

- Potenciar a participación dos pais e nais nas actividades do centro colaborando na programación de actividades complementarias e extraescolares e na Semana Cultural.
- Implicar aos pais no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Colaborar coa asociación de pais e nais e valorar a importancia da mesma.
- Colaborar coa Asociación de Nais e Pais para poñer a funcionar diversos programas (adquisición de taquillas, préstamo de libros de texto...).
- Colaborar para a realización de actividades educativas e deportivas.
- Colaborar para a obtención de recursos educativos.
- Implicar aos pais na mellora da calidade educativa.
- Por en marcha actividades de formación dirixidas a pais e nais para mellorar a atención educación dos fillos e fillas, e dar a coñecer o uso de sitios na rede que ofrecen coñecemento e recursos para a orientación educativa.
- Iniciar o desenvolvemento dunha escola de nais e pais.
- Participar na valoración das circunstancias socioeconómicas das familias.
- Promover a participación das nais e pais na mellora dos espazos do centro.
- Aprobar e desenvolver o plan educativo de centro por toda a comunidade educativa.
- Informar a toda a comunidade educativa do establecemento e características dun plan de autoprotección.

Medidas:

- Información da hora de atención a nais e pais.
- Orientación ás familias na resolución de posibles problemas no proceso educativo das súas fillas e fillos.
- Uso de aplicacións en rede para a mellora da información entre o centro e as familias.
- Información sobre actividades realizadas polas diferentes administracións.
- Información das novidades no proceso educativo das súas fillas e fillos, poñendoos ao día dos novos plans e programacións que se van desenvolver.
- Elaboración e distribución de trípticos e soportes informativos sobre a oferta educativa.
- Colaboración coa ANPA do centro para a dotación de material para o alumnado.
- Seguimento da axenda escolar gratuíta para a comunidade escolar.
- Colaboración para a utilización de espazos e recursos do centro para as actividades da ANPA.

Recursos:

- Profesorado.

- Nais e pais.
- ANPA.
- Aulas específicas.
- Biblioteca.
- Salón de actos.
- Programas e documentos
- Páxina web do centro.
- Administración.
- Instalacións deportivas

Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto ao persoal non docente.

Obxectivos específicos.

- Colaborar na boa marcha das relacións entre todos os sectores que constitúen a comunidade educativa
- Dar conta das súas necesidades e colaborar dentro das súas funcións na busca de solucións.
- Promover a participación do persoal non docente na mellora dos espazos do centro.
- Aprobar o plan educativo de centro por toda a comunidade educativa.
- Desenvolver o plan de autoprotección e gradualmente adaptar o centro ás directrices que marque este plan e formando ao persoal nas pautas a seguir en determinadas circunstancias.
- Colaborar co persoal da cafetería para a adecuación deste espazo á formación cívica do alumnado do centro.

Medidas:

- Transmisión, a través do seu representante no Consello Escolar, dos seus intereses e das súas necesidades.
- Participación nas actividades do centro tanto lúdicas como educativas que se leven a cabo no instituto
- Mellora dos espazos da conserxería e almacéns.
- Formación do persoal non docente en relación ao plan de emerxencia do centro.

Recursos:

- Profesorado.
- Aulas.
- Biblioteca.
- Programas e documentos.

- Páxina web do centro.
- Administración.

Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto aos servizos externos ao centro.

Obxectivos específicos.

- Coordinar actuacións cos servizos de orientación da Consellería de Educación, cos servizos de saúde, co Equipo de Orientación Específico Provincial (EOEP), Centro de Formación e Recursos do profesorado, Servizos Sociais do concello, servizos sanitarios da zona, cos Servizo de Orientación da Consellería, coa Inspección e coa Xefatura Territorial de Educación e co Instituto de Migración e Servizos Sociais.
- Colaborar coas asociacións da comarca.
- Impulsar a obtención por parte das administracións pertinentes os recursos para a mellora do centro.
- Mellorar a información que se envía a outros centros da comarca da oferta educativa do IES Eduardo Pondal - Ponteceso.
- Potenciar e valorar a idea da educación como unha actividade prioritaria para a sociedade.
- Promover e buscar medidas de colaboración das entidades sociais na actividade educativa.
- Participar no Consello Escolar Municipal.
- Aprobar un convenio de colaboración co concello de actividades e de cesión de espazos no marco do CEM.

Medidas:

- Solicitud de asesoramento a Inspección sempre que se considere necesario por parte da comunidade educativa deste centro.
- Análise da elaboración do plan de autoprotección
- Análise da elaboración do plan de absentismo
- Colaboración cos servizos sociais para avaliar situacións socioeconómicas de amparo.
- Cesión de instalacións do centro para a realización de actividades por parte de asociacións e particulares.
- Realización de proxectos e plans de mellora dos espazos e recursos do centro á atención das administracións educativas, autonómicas e locais.
- Reparto de axendas en colaboración coa ANPA nos cursos de 6º de primaria e ao claustro dos colexios do concello Eduardo Pondal - Ponteceso e nos 4º de ESO nos centros de Malpica, Cabana e Laxe.
- Colaboración con entidades sociais para buscar medidas de apoio e reforzo educativo.
- Participación no Consello Escolar Municipal (CEM)
- Elaboración dun convenio de colaboración co concello.

Recursos:

- Profesorado e familias.
- Instalacións do centro.
- Administración.
- Centro de formación e recursos do profesorado.
- Outros servizos de Educación Especial.
- Asociacións.
- Servizos sociais do concello.
- Servizos sanitarios da zona.
- Inspección educativa.
- Xefatura Provincial de Educación
- Consellería de Educación.
- Axenda educativa.
- Consello Escolar Municipal

OCUMENTO NÚMERO 2

Horario xeral do instituto

curso 2017-2018

Horario do centro para a realización das actividades lectivas e de apertura do centro fóra do horario lectivo a disposición da comunidade educativa e de outras entidades.

Normativa:

Art. 11-16 da Orde de 1 de agosto de 1997 (DOG 2/set/1997)

Horario Xeral do instituto.

Horario completo de atención educativa.

O centro permanece aberto para o desenvolvemento das actividades lectivas ás horas que se amosan na táboa seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 9:40					
9:40 10:30					
10:30 11:20					
11:20 11:50	Recreo				
11:50 12:40					
12:40 13:30					
13:30 14:20					
Mediodía					
15:45-16:30					
16:30-17:20					
16:30-17:15					
17:20-18:10					
17:15-18:00					
18:00-18:10	Descanso ESA				
18:10-19:00					
18:10-18:55					
18:55-19:40					

Horario alumnado da ESO, Bacharelato e FPB.

Consta de 32 períodos lectivos de 50 minutos de duración, repartidos en 30 períodos lectivos en xornada matinal e 2 á tarde do luns.

Na xornada matinal hai un recreo de 30 minutos entre a 3ª e a 4ª horas.

A distribución das sesións lectivas nestas ensinanzas distribúese segundo a seguinte táboa semanal:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 9:40					
9:40 10:30					
10:30 11:20					
11:20 11:50	Recreo				
11:50 12:40					
12:40 13:30					
13:30 14:20					
Mediodía					
16:30 17:20					
17:20 18:10					

Horario alumnado Ciclos.

Consta de 36 períodos lectivos de 50 minutos de duración, repartidos en 30 períodos lectivos en xornada matinal e 6 ás tardes do luns e xoves.

Na xornada matinal hai un recreo de 30 minutos entre a 3ª e a 4ª horas.

A distribución das sesións lectivas nestas ensinanzas distribúese segundo a seguinte táboa semanal:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50-9:40					
9:40-10:30					
10:30-11:20					
11:20-11:50	Recreo				
11:50-12:40					
12:40-13:30					
13:30-14:20					
	Mediodía				
16:30-17:20					
17:20-18:10					
18:10-19:00					

Horario ESA.

As sesións lectivas desta ensinanza son en xornada contínua pola tarde:

Na ESA consta de 21 períodos lectivos de 45 minutos de duración.

A distribución das sesións lectivas nestas ensinanzas distribúese segundo a seguinte táboa semanal:

	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
15:45-16:30					
16:30-17:15					
17:15-18:00					
18:00-18:10	Descanso				
18:10-18:55					
18:55-19:40					

Horarios dos espazos e instalacións do centro.

Na seguinte táboa enumeramos os diferentes horarios de utilizacións de instalacións do centro e como e por que materias e profesores son ocupadas:

Espazo	Horario	Observacións
BIBLIOTECA	Lectivo de ESO e Bacharelato	A xestión da biblioteca do centro está dentro do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, e o horario de apertura coincide co horario lectivo das ensinanzas da ESO e bacharelato. Nela sempre haberá un profesor de garda de biblioteca e tamén poderá ser utilizada de forma organizada cos responsables da biblioteca como espazo académico coa presenza do profesor de grupo. Utilizada para a celebración de eventos e celebracións do centro.
XIMNASIO PISTA POLIDEPORTIVA	Lectivo de ESO e Bacharelato	Utilizados polo profesorado da materia de Educación Física. A pista polideportiva tamén é utilizada para a celebración de eventos e celebracións do centro e para actividades de outras asociacións e institucións co permiso do Consello Escolar e a Xefatura Territorial de Educación.
LABORATORIOS (CIENCIAS, QUÍMICA E FÍSICA)	A disposición do alumnado e profesorado en todos os períodos lectivos	Utilizados polo profesorado das materias correspondentes.
TALLERES DE AUTOMOCIÓN	Lectivo de Ciclo de automoción	Utilizados polo profesorado do ciclo de electromecánica.
TALLER DE TECNOLOXÍA	Lectivo de ESO e Bacharelato	Utilizado polo profesorado da materia de Tecnoloxía.

Espazo	Horario	Observacións
AULA DE INFORMÁTICA DE TECNOLOXÍA	Lectivo de ESO e Bacharelato	Utilizada polo profesorado da materia de Tecnoloxía.
AULA DE MÚSICA	Lectivo de ESO e Bacharelato	Utilizada polo profesorado da materia de Música.
AULA DE MATEMÁTICAS	Lectivo de ESO e Bacharelato	Utilizada polo profesorado que imparte as Matemáticas e a disposición do resto do profesorado.
AULAS DE AUDIOVISUAIS	A disposición do alumnado e profesorado en todos os períodos lectivos	Utilizadas polo profesorado do centro.
AULA DE INFORMÁTICA	A disposición do alumnado e profesorado en todos os períodos lectivos	Utilizada polo profesorado do centro.
AULAS DE ADMINISTRATIVO	Lectivo de Ciclo de administrativo	Utilizados polo profesorado do ciclo de administrativo.
AULAS DE DEBUXO	Lectivo de ESO e Bacharelato	Utilizadas polo profesorado da materia de Debuxo.

Espazo	Horario	Observacións
SALÓN DE ACTOS	A disposición do alumnado, profesorado e outras entidades en todos os períodos lectivos.	Utilizado polo profesorado. Tamén é utilizado para a celebración de eventos, celebracións e tamén está a disposición de outros membros da comunidade educativa como os pais e nais así como de entidades externas ao centro previa petición. (asociacións culturais e sociais)

Horarios das gardas custodia:

Ao horario do centro temos que engadir antes e despois das entradas e saídas do horario do alumnado da ESO, Bacharelato e FPB, un período de gardas que se encarga da custodia do alumnado no momento entre a baixada do transporte e o comezo das clases, e o final das clases e a subida ao transporte escolar, especialmente do alumnado do primeiro ciclo da ESO.

DOCUMENTO NÚMERO 3

Organización dos servizos complementarios. Transporte Escolar

Curso 2017-2018

Organización do transporte escolar, horarios e itinerarios

O instituto Eduardo Pondal conta co servizo de transporte escolar como servizo complementario. Recóllese a relación de itinerarios coas paradas e as empresas que realizan cada itinerario.

Normativa:

Art. 17 da Orde de 1 de agosto de 1997 (DOG 2/set/1997)

Transporte escolar.

I.E.S. EDUARDO PONDAL - PONTECESO

O transporte escolar para o instituto realízano dúas empresas, Transportes Cotelo, con sede en Corme, e Transportes J. Pombo, con sede en Ponteceso e Cabana.

Transportes Cotelo realiza 7 itinerarios do servizo.

Transporte J. Pombo ten 1 itinerario.

O horario do transporte está adaptado para que o alumnado chegue ao centro entre 20 e 10 minutos antes do comezo das actividades lectivas, e a saída dos buses realízase de 5 a 10 minutos despois da saída do centro.

Hai transporte escolar para atender ao alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria e para cubrir o seu horario. Este transporte tamén trae aos alumnos e alumnas de Bacharelato, Ciclos e FPB que hai no centro, polo tanto, teñen o transporte gratuíto o alumnado destes cursos que ocupan prazas baleiras nos buses que cobren os itinerarios obrigatorios. Como o alumnado da ESO do centro corresponde ao concello de Ponteceso, o alumnado de Bacharelato, Ciclos e FPB do concello ten o transporte gratuíto.


O instituto Eduardo Pondal tamén cobre a demanda educativa doutros concellos da redonda, sobre todo de Malpica, Cabana e Laxe, polo que as empresas de transporte tamén teñen un servizo á súa disposición pagado polo alumnado que o utiliza e en colaboración organizativa coa ANPA.

A seguinte táboa enumera os itinerarios do transporte escolar que se amosan nas páxinas seguintes (referidas na columna mapa) e as empresas que os realizan.

Itinerario	Empresa	Mapa
Pazos-Langueirón-Tallo-IES Eduardo Pondal	Transportes Cotelo	Mapa 1
Corme-Aldea- IES Eduardo Pondal	Transportes Cotelo	Mapa 2
Guxín-Balarés- IES Eduardo Pondal	Transportes Cotelo	Mapa 3
Xornes-Pazos-Bugalleira-Tella- IES Eduardo Pondal	Transportes Cotelo	Mapa 4
Brantuas-Niñóns-Campara- IES Eduardo Pondal	Transportes Cotelo	Mapa 5
Limiñoa-Cores-A Graña- IES Eduardo Pondal	Transportes Cotelo	Mapa 6
Buño-Cambre-Malpica- IES Eduardo Pondal	Transportes Cotelo	Mapa 7
Laxe-Cabana-O Couto-Anllóns- IES Eduardo Pondal	Transportes J. Pombo	Mapa 8

Itinerario: GuxínBalarés—IES Eduardo Pondal. Transportes Coteló.


PARADAS:
IES Eduardo Pondal
Corme Aldea
Corme Porto



Mapa 2

Itinerario: Guxín_Balarés – IES Eduardo Pondal

PARADAS:
IES Eduardo Pondal
Cruce Guxín
Guxín




Parada en balarés. (en azul máis claro)

Mapa 3

Itinerario: Xornes-Pazos-Bugalleira-Tella-IES Eduardo Pondal. Transportes Cotelo


PARADAS	Riotorto	Sergude 1
IES Peduado Pondal	Pazos	Sergude 2
Noria	San Antonio	Xornes (Quente)
Bugalleira	Escolas Xornes	



Mapa 4

Itinerario: Limiñoa-Cores-A Graña- -IES Eduardo Pondal Transportes Cotelo

PARADAS	Nemeño	Bardaio
IES Eduardo Pondal	Igrexa	Ourada
Lestimoño	Cores	Limiñoa
Graña	Figueroa	



Mapa 6

I nerario: Buño-Cambre-Malpica - -IES Eduardo Pondal - Transportes Cotelo

PARADAS
IES Eduardo Pondal
Malpica (varias)

Cambre
Buño



Mapa 7

Itinerario: Laxe-Cabana-O Couto-Anllóns - IES Eduardo Pondal

Transportes Pombo

Ponteceso

Laxe

Ponteceso


Cañota

Cospindo

PARADAS

IES Eduardo Pondal

Anllóns



Mapa 8

Con posterioridade serán engadidos os outros documentos que completan a programación xeral e que se enumeran na táboa da introducción deste texto.